

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

12206 *Real decreto 1082/2009, do 3 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal para o movemento de animais de explotacións cinexéticas, de acuicultura continental e de núcleos zoolóxicos, así como de animais de fauna silvestre.*

A actual situación sanitaria das explotacións gandeiras de España fai preciso o desenvolvemento e execución de actuacións específicas en materia de sanidade animal para o necesario control do movemento de animais da fauna silvestre, ben como dos animais de explotacións cinexéticas, de acuicultura continental ou núcleos zoolóxicos, a fin de verificar previamente que o movemento non produza un efecto de diseminación das doenzas dos animais.

Faise preciso establecer, por tanto, unha normativa básica que regule o necesario control previo ao movemento desde o punto de vista da sanidade animal, non soamente para coñecer e mellorar a súa propia situación sanitaria respecto a determinadas doenzas, senón tamén ante a consideración de que esas especies son, ou poden ser, reservorios de doenzas que afectan o gando de produción ou outras especies silvestres de interese especial, e no caso das zoonoses, a especie humana. Neste senso, xa a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, prevé que a situación de contaxio entre as mesmas especies de animais domésticos e silvestres por unha mesma doenza, ben como a posible creación de reservorios no medio natural, fan inseparables as actuacións sanitarias tanto nun medio coma noutro.

Así mesmo, o artigo 25.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, dispón que se someterán a programas nacionais de prevención, control, loita e erradicación de doenzas dos animais aquelas que determine a Administración xeral do Estado, consultadas con carácter previo as comunidades autónomas e consultado o Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, en función das súas repercusións económicas, sanitarias e sociais.

Na elaboración desta disposición foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados, e mais o Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria e o Comité nacional de coordinación de identificación do gando e rexistro de explotacións das especies de interese gandeiro.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto dado que se trata dunha norma de carácter marcadamente técnico, estando os aspectos esenciais contidos na Lei 8/2003, do 24 de abril.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xullo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer os requisitos de sanidade animal aplicables ao movemento dentro de España de animais de especies cinexéticas desde explotacións cinexéticas ou núcleos zoolóxicos, de animais de acuicultura continental e de animais de fauna silvestre desde espazos naturais coutados ou núcleos zoolóxicos, con destino, en todos os casos, a outras explotacións ou espazos cinexéticos, á pesca fluvial,

a núcleos zoolóxicos, ou a espazos naturais coutados cando neste último caso a autoridade competente ou o responsable legal do espazo natural decidise o seu movemento.

2. Exceptúanse da aplicación deste real decreto a actividade do silvestrismo regulada polo Regulamento da Real Federación Española de Caza, o movemento de animais dentro do marco da colombicultura, a canaricultura e demais actividades deportivas realizadas con animais, e os seguintes animais dedicados ás actividades cinexéticas:

- a) Cans de caza, incluídos os cans de canineas, recovaxes ou mandas de caza maior.
- b) Aves dedicadas á práctica da cetraría ou como chamariz para a caza de especies cinexéticas.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

2. Así mesmo, para efectos deste real decreto, entenderase como:

- a) Doenzas de vixilancia sanitaria: aquelas incluídas na columna B da táboa do anexo I.
- b) Especies cinexéticas e fauna silvestre: as especies previstas na columna A da táboa do anexo I.
- c) Explotacións cinexéticas: aquelas cuxo obxectivo principal é criar, producir ou reproducir animais dalgunha das especies incluídas no anexo I do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, para posteriormente repoboar coutos de caza e os demais espazos cinexéticos, para ceibalos neles, para cazalos ou para abastecer outras explotacións cinexéticas.
- d) Explotacións de acuicultura continental: as dedicadas a criar, producir ou reproducir animais de especies piscícolas de auga doce para posteriormente repoboar coutos de pesca e os demais espazos piscícolas.
- e) Núcleos zoolóxicos: os definidos na Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se dan normas sobre núcleos zoolóxicos, establecementos para a equitación, centros para o fomento e coidado de animais de compañía e similares e que aloxen animais dunha ou varias das especies enumeradas no anexo I deste real decreto.
- f) Control oficial: toda forma de control que efectúe a autoridade competente para verificar o cumprimento da lexislación en materia de sanidade animal.

Artigo 3. *Comunicación de doenzas e de sospeitas.*

Sen prexuízo do establecido no Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, toda persoa, en especial, o propietario, responsable, coidador, os veterinarios e demais profesionais que traballen en servizos de sanidade animal respecto dos animais obxecto desta norma, estará obrigada a comunicar, nos termos previstos no artigo 5 da Lei 8/2003, do 24 de abril, toda sospeita ou existencia na fauna silvestre, nos animais de explotacións ou de núcleos zoolóxicos, dalgunha das doenzas previstas no anexo I.

Artigo 4. *Controis e toma de mostras previos ao movemento.*

1. A autoridade competente en sanidade animal realizará un control previo ao movemento sobre os animais obxecto deste real decreto, consistente na toma de mostras fronte ás doenzas e nas condicións establecidas no anexo I e II, ben como na inspección clínica prevista no número 4 deste artigo.

2. Non obstante o anterior, non será necesario realizar a toma de mostras previstas no número 1 nos seguintes supostos:

a) Se a explotación, núcleo zoolóxico, terreo cinexético ou espazo natural coutado aplica un programa de vixilancia sanitaria permanente, aprobado pola autoridade competente, que inclúa as actuacións oportunas para a detección das doenzas previstas no anexo I, as cales deberán realizarse cunha frecuencia adecuada ao risco da existencia da doenza en cuestión, e nun número de animais suficiente para dar cumprimento ao previsto no número 1 alínea b) do anexo II para todas as doenzas.

b) No caso da acuicultura continental, cando se trate de explotacións con controis oficiais coa periodicidade prevista na normativa correspondente respecto das doenzas aplicables das incluídas no anexo I.

c) Cando o destino dos animais sexa o sacrificio inmediato en matadoiros ou outras instalacións autorizadas para tal finalidade.

Nos casos previstos nas alíneas a) e b), para proceder ao movemento, os resultados derivados da toma de mostras deben ser negativos.

3. A toma de mostras e a análise deberanse axustar ao previsto no anexo II.

4. Nos supostos non previstos no número 2, o movemento deberase realizar dentro dos 30 días naturais seguintes á toma de mostras ou de completarse os controis especificados na columna C do anexo I en caso de que non se prevexan análises laboratoriais. A inspección clínica deberase realizar dentro das 48 horas previas á realización do movemento polo veterinario responsable ou oficial, habilitado ou autorizado.

Os titulares ou responsables dos animais das explotacións, espazos naturais coutados ou núcleos zoolóxicos obxecto deste real decreto deberán colaborar coa autoridade competente e facilitar a correcta realización dos controis previstos no número 1. Para isto, deberán contar cos medios necesarios para poderen illar ou xebrar os animais do resto, como manga de manexo, sistemas de suxeición individual ou colectiva, chousumes específicos ou outros, respectando en todo momento as condicións biolóxicas e particularidades de cada especie.

Desde o día en que se realice o control previsto no número 1, até a realización efectiva do movemento, os animais obxecto del deberán permanecer illados e xebrados de maneira eficaz e, cando proceda, identificados, nunhas condicións de illamento que garantan que non se mesturan con outros animais e eviten na medida do posible calquera situación que poida supor un sufrimento ou alteración grave do seu estado físico.

Artigo 5. *Movemento.*

1. Prohíbese o movemento de animais de fauna silvestre, cinexéticos ou de acuicultura continental cando exista a sospeita da presenza neles de doenzas de carácter epizoótico ou que, pola súa especial virulencia, extrema gravidade ou rápida difusión, impliquen un perigo potencial de contaxio para a poboación animal, incluída a doméstica ou silvestre, ou un risco para a saúde pública ou para o ambiente.

Así mesmo, non se poderán realizar movementos dos animais obxecto deste real decreto cando se trate de animais sensibles a unha doenza para a cal existan restricións de sanidade animal establecidas oficialmente ou na normativa vixente, no lugar de orixe ou de destino, salvo os permitidos que se prevexan na normativa reguladora da doenza.

2. Sen prexuízo do anterior, soamente se poderá proceder ao movemento dos animais se os controis previstos no artigo 4 dan resultado negativo para a doenza ou doenzas de que se trate nos termos e condicións establecidos na columna C do anexo I ou, en caso de non resultaren negativos, se cumpra co previsto na columna D do anexo I, sempre que as explotacións, núcleos ou lugares de orixe e destino estean rexistrados no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras previsto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ou alternativamente se encontran dados de alta como núcleos zoolóxicos ou en calquera outro rexistro oficial que permita garantir a rastrexabilidade dos animais.

Para estes efectos e no caso das importacións entenderase como lugar de orixe os centros de corentena definidos no artigo 3.26 da Lei 8/2003, do 24 de abril.

3. Antes de se efectuar o movemento de animais das explotacións ou núcleos zoolóxicos, para a obtención do certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da

Lei 8/2003, do 24 de abril, o solicitante deberá presentar os correspondentes boletíns de análise ou acreditar os requisitos previstos no artigo 4.2.

No caso de animais de fauna silvestre, o responsable legal do espazo natural coutado de orixe remitirá á autoridade competente de sanidade animal do lugar de orixe a información correspondente de acordo co artigo 4 e, se for o caso, os correspondentes boletíns de análise e as actuacións realizadas, como moi tarde o día anterior a aquel en que estea prevista a saída dos animais, para efectos, se proceder, da autorización oficial de movemento.

4. O certificado ou autorización oficial de movemento previsto no número 3 deberá acompañar en todo momento os animais durante o seu transporte até o destino final e ser conservado no destino durante cando menos 3 anos.

Artigo 6. *Libro de rexistro.*

1. Os titulares das explotacións cinexéticas, das explotacións de acuicultura continental e dos núcleos zoolóxicos, ben como, cando así o estableza a autoridade competente de sanidade animal, os responsables do mantemento da fauna silvestre dos espazos naturais coutados, deberán manter, de maneira actualizada, un libro de rexistro de forma manual ou informatizada, que será accesible para a autoridade competente, por petición desta, durante o período que esta determine e que, en calquera caso, non poderá ser inferior a tres anos despois da fin do actividade.

2. O libro de rexistro conterá, cando menos, os datos previstos no anexo IV, cando a normativa aplicable non prevexa un contido específico do libro de rexistro.

Artigo 7. *Laboratorios nacionais de referencia e laboratorios autorizados.*

1. Os laboratorios nacionais de referencia son os previstos no anexo III.

2. As comunidades autónomas poderán establecer, recoñecer ou designar os respectivos laboratorios oficiais.

Artigo 8. *Réxime de control oficial e deber de información.*

Corresponde ás autoridades competentes realizar os controis oficiais necesarios para comprobar o cumprimento das condicións e requisitos exixidos neste real decreto.

Para tal fin, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en colaboración coas comunidades autónomas, instrumentará mecanismos de coordinación que aseguren unha aplicación homoxénea, efectiva e eficaz deste real decreto en todo o territorio nacional.

As autoridades competentes remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para efectos de que este confeccione o informe anual para remitir á Organización Mundial de Sanidade Animal, un informe anual cos resultados dos controis efectuados que reflecta, cando menos, o número de mostras realizadas e os resultados delas para cada unha das doenzas do anexo I. A entrega do citado informe ao dito ministerio realizarase antes do 31 de xaneiro do ano seguinte.

Artigo 9. *Especies ameazadas.*

1. As autoridades competentes poderán establecer excepcións á realización das probas establecidas no artigo 5.2 cando isto sexa preciso para o movemento dentro da respectiva comunidade autónoma, de especies silvestres ameazadas incluídas na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial, no marco dos programas ou actuacións para a súa conservación ou propagación.

2. Non obstante o anterior, nese suposto, será precisa unha avaliación previa do risco do movemento, e que, se for o caso, se adopten medidas específicas para reduci-lo.

Artigo 10. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. Normativa ambiental e de caza.

O disposto neste real decreto entenderase sen prexuízo dos requisitos específicos que establezan as autoridades ambientais das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, en especial para as repoboacións de espazos naturais dentro do seu ámbito territorial respectivo, ben como dos requisitos aplicables en materia de caza, incluídos os de ceibar animais ou de repoboación.

Disposición adicional segunda. *Medidas especiais referentes á tuberculose.*

1. No caso das explotacións gandeiras que manteñan de forma conxunta na mesma explotación gando bovino con algunha das especies de cérvidos e súidos silvestres previstas no anexo I, estes dous últimos deberanse someter a unha proba anual de tuberculose para poderen realizar movementos distintos ao sacrificio desde esa explotación.

2. A proba anual mencionada no número 1 no caso dos cérvidos deberáselles realizar a todos os animais maiores de 6 meses ou, alternativamente, poderáselle realizar a un número representativo da totalidade dos animais presentes desa especie, de tal forma que permita detectar a presenza da doenza cunha prevalencia esperada do 5 por cento e un grao de confianza do 95 por cento.

No caso dos súidos, esta proba anual consistirá na realización de inspeccións post mortem de animais mortos ou abatidos para confirmar ou descartar a presenza de lesións compatibles con tuberculose ou alternativamente na realización doutras técnicas de diagnóstico sobre os animais que vaian ser obxecto de traslado, autorizadas como produtos zosanitarios de acordo co artigo 65 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e inscritas no rexistro de produtos zosanitarios despois de seren contrastadas polo laboratorio nacional de referencia.

No caso de que se detecten lesións compatibles, o único movemento permitido desta especie será para sacrificio nun establecemento autorizado, salvo que análises laboratoriais posteriores de confirmación descarten a existencia de tuberculose. Esta limitación de movementos aplicarase igualmente se non se dispón dos resultados da proba anual.

3. Os animais vivos das especies mencionadas no número 1 que como resultado da proba de tuberculose resulten positivos, deberán ser sacrificados ou abatidos na propia explotación nos termos previstos na normativa vixente. Se as autoridades competentes identifican como reservatorio ou fonte de infección unha especie de fauna silvestre ou cinexética que cohabita co gando na mesma explotación, as autoridades competentes, xunto co titular da explotación e as autoridades competentes no ambiente, se proceder, acordarán nun prazo máximo de tres meses un plan integral que permita controlar a transmisión e limitar o contacto entre o gando e a fauna silvestre, incluíndo a separación das dúas poboacións cando sexa posible ou limitando a densidade das especies cinexéticas na explotación.

4. No suposto de que, transcrito o prazo mencionado no número 3, non se teña presentado o plan de acción, soamente se autorizarán os movementos dos animais cinexéticos ou silvestres se van destinados ao sacrificio nun establecemento autorizado.

5. Calquera explotación cinexética ou espazo natural coutado que realice movementos de saída de ungulados silvestres súidos distintos ao sacrificio, deberá realizar unha proba anual nos mesmos termos e coas mesmas implicacións previstas no número 2, salvo que a través dunha análise de risco, realizada pola autoridade competente de acordo coa situación epidemiolóxica da zona, se identifique un risco baixo de diseminación na explotación cinexética ou espazo natural coutado.

Disposición adicional terceira. *Traslado de animais de fauna silvestre de especies catalogadas ou non cinxéticas con destino a centros de recuperación ou centros de cría de especies ameazadas autorizados pola autoridade competente.*

Quedarán excluído da aplicación do establecido nos artigos 4 e 5 o movemento daqueles exemplares da fauna silvestre cando sexa necesario o seu traslado para a súa atención en centros de recuperación ou centros de cría de especies ameazadas especificamente autorizados pola autoridade competente, ben como a súa posterior saída deles, con independencia do destino de que se trate.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade. Adicionalmente, o artigo 9 e a disposición adicional primeira dítanse ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o contido dos anexos, datas e prazos, para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xullo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Marino,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Doenzas

| Columna A | Columna B | Columna C | Columna D |
|--|----------------------------------|--|--|
| Especies cinxéticas e fauna silvestre. | Doenzas de vixilancia sanitaria. | Condicións específicas para autorizar o movemento. | Medidas aplicables en caso de que os resultados da columna C sexan positivos ou non se realicen as actuacións previstas. |

| Columna A | Columna B | Columna C | Columna D |
|---|--|--|--|
| Ungulados silvestres non súidos: 1. Cérvidos: cervo, corzo, gamo, etc. 2. Bóvidos: a. Ovinos (muflón, arruí). b. Caprinos (cabra montesa, sarrio/rebezo/camurza). | Sarna sarcóptica. Doenza hemorráxica do cervo (só para cérvidos). Tuberculose (non para o caso de ovinos). Brucelose. Lingua azul. | Inspección clínica: sen signos clínicos visibles. ELISA ou RT-PCR negativo. Proba de intradermorreacción á tuberculina. A repetición das probas de tuberculina sobre un mesmo animal non se poderá realizar até pasados un mínimo de 60 días da proba anterior. As probas mencionadas poderanse substituír, nos animais abatidos en cazadas, polo resultado, debidamente documentado, da inspección post mortem realizada por un veterinario oficial, habilitado ou autorizado. Rosa de Bengala negativo. | Inmobilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Soamente se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. Non se poderá realizar o movemento. Adoptaranse as medidas previstas na normativa vixente en materia de notificación e control de doenzas. Aplicarase o Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas doenzas dos animais e medidas específicas contra a doenza vesicular porcina. Non se poderá realizar o movemento. Inmobilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Soamente se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. Soamente se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. Aplicarase as condicións establecidas na normativa nacional da lingua azul, Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul. |

| Columna A | Columna B | Columna C | Columna D |
|---------------------------------------|---------------------------|------------------------------------|---|
| Ungulados silvestres súidos: xabaril. | Tuberculose. | Ver disposición adicional segunda. | |
| | Peste porcina clásica. | ELISA negativo. | Non se poderá realizar o movemento. Adoptaranse as medidas previstas na normativa vixente en materia de notificación e control de doenzas e o previsto no Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica. |
| | Peste porcina africana. | ELISA negativo. | Non se poderá realizar o movemento. Adoptaranse as medidas previstas na normativa vixente en materia de notificación e control de doenzas e o previsto no Real decreto 546/2003, do 9 de maio, polo que se establecen disposicións específicas de loita contra a peste porcina africana. |
| | Doenza vesicular porcina. | ELISA negativo. | Non se poderá realizar o movemento. Adoptaranse as medidas previstas na normativa vixente en materia de notificación e control de doenzas e o previsto no Real decreto 650/1994, do 15 de abril. |
| | Doenza de Aujeszky. | ELISA negativo. | Inmobilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco, cumpríndose en todo caso as condicións establecidas nos artigos 9 e 10 do Real decreto 360/2009, do 23 de marzo, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky. |

| Columna A | Columna B | Columna C | Columna D |
|---|--|--|---|
| Lagomorfos silvestres: coello e lebre. | Sarna sarcóptica. | Inspección clínica: sen signos clínicos visibles. | Inmovilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. |
| | Doenza hemorráxica vírica. | Inspección clínica: sen signos clínicos visibles. | Inmovilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. |
| | Mixomatose. | Inspección clínica: sen signos clínicos visibles. | Inmovilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. |
| | Doenzas producidas por fungos. Tiña (Trichophyton mentagrophytes). | Inspección clínica: sen signos clínicos visibles. | Inmovilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. |
| | Tularemia (só para o caso de lebre). | ELISA negativo. As probas mencionadas poderanse substituír, nos animais abatidos en cazadas, polo resultado, debidamente documentado, da inspección post mortem realizada por un veterinario oficial, habilitado ou autorizado. | Inmovilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. |
| Aves silvestres: galiformes, columbiformes e anseriformes (patos e gansos). | Doenza de Newcastle. | RT-PCR de feces negativa. | Non se poderá realizar o movemento. Adoptaranse as medidas previstas na normativa vixente en materia de notificación e control de doenzas, cumpríndose en todo caso as condicións establecidas no Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establecen medidas para a loita contra a doenza de Newcastle. |
| | Influenza aviaria. | RT-PCR de feces negativa. | Non se poderá realizar o movemento. Adoptaranse as medidas previstas na normativa vixente en materia de notificación e control de doenzas, cumpríndose en todo caso as condicións establecidas no Real decreto 445/2007, do 3 de abril, polo que se establecen medidas de loita contra a influenza aviaria. |
| | Salmonella enteritidis e Salmonella typhimurium. | Ausencia en mostras fecais. | Inmovilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. |

| Columna A | Columna B | Columna C | Columna D |
|-----------|---|--|---|
| Peces. | Septicemia hemorráxica vírica. Necrose hematopoética infecciosa. Anemia infecciosa do salmón. | Procedentes de zonas ou explotacións declaradas libres. En caso de explotacións ou zonas non declaradas libres oficialmente, resultados negativos cando menos nalgunha das seguintes probas: Illamento e identificación serolóxica. Fluorescencia indirecta para a detección de anticorpos. ELISA. | Inmovilización preventiva e estudo epidemiolóxico. Só se autorizará o movemento despois de realizar unha avaliación do risco previa e de adoptar medidas específicas para reducir o citado risco. En ningún caso poderán ir a zonas declaradas oficialmente libres destas doenzas ou con programas de control e erradicación en marcha, salvo que procedan de zonas ou explotacións declaradas libres oficialmente. |

ANEXO II

Mostraxes e análises

1. Número de animais que van ser obxecto de movemento, aos cales se lles tomarán mostras para as súas análises

a) Tuberculose e brucelose: 100% dos animais maiores de 6 meses en tuberculose e de 12 meses en brucelose.

b) Resto das doenzas, salvo as especies acuícolas, o número de mostras que permita detectar a presenza da doenza cunha prevalencia mínima esperada do 5% e un grao de confianza do 95%, segundo a seguinte táboa:

| Número de animais | Animais que se deben controlar |
|-------------------|--------------------------------|
| 1-25 | Todos |
| 26-30 | 26 |
| 31-40 | 31 |
| 41-50 | 35 |
| 51-70 | 40 |
| 71-100 | 45 |
| 101-200 | 51 |
| 201-1200 | 57 |
| >1200 | 59 |

c) Especies acuícolas: realizarase a toma de mostras conforme o Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, así como á prevención e o control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos e a súa normativa complementaria.

2. Probas analíticas

a) Tuberculose e brucelose: as probas que se deben realizar serán a intradermo-tuberculinización simple ou comparada para a tuberculose en cérvidos para a tuberculose e a proba rosa de Bengala para a brucelose bovina e ovina e caprina de acordo cos anexos I e II do Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de doenzas dos animais.

Para os súidos observarase o previsto na disposición adicional segunda.

b) Peste porcina clásica, de acordo coa Decisión 2002/106/CE da Comisión, do 1 de febreiro de 2002, pola que se aproba un manual de diagnóstico en que se establecen os procedementos de diagnóstico, métodos de mostraxe e criterios de avaliación das probas de laboratorio con fins de confirmación da peste porcina clásica. Peste porcina africana de acordo coa Decisión 2003/422/CE da Comisión, do 26 de maio de 2003, pola que se

aproba o manual de diagnóstico da peste porcina africana. Doenza vesicular porcina de acordo coa Decisión 2000/428/CE da Comisión, do 4 de xullo de 2000, pola que se establecen procedementos de diagnóstico, métodos de mostraxe e criterios para a avaliación dos resultados das probas de laboratorio con fins de confirmación e diagnóstico diferencial da doenza vesicular porcina e doenza de Aujeszky, de acordo co anexo V do Real decreto 636/2006, do 26 de maio.

c) Doenza de Newcastle: de acordo co anexo III do Real decreto 1988/1993, do 12 de novembro, polo que se establece medidas para a loita contra a doenza de Newcastle.

d) Influenza aviaria: de acordo cos criterios establecidos na Decisión da Comisión do 4 de agosto de 2006 pola que se aproba un manual de diagnóstico da gripe aviaria, conforme o disposto na Directiva 2005/94/CE do Consello.

e) Salmonella enteritidis e Salmonella typhimurium: de acordo co artigo 12 da Orde PRE/1377/2005, do 16 de maio, pola que se establecen medidas de vixilancia e control de determinadas salmoneloses en explotacións de galiñas poñedoras, para efectos do establecemento dun programa nacional.

f) Doenzas dos peixes, de acordo co Real decreto 1614/2008, do 3 de outubro, relativo aos requisitos zosanitarios dos animais e dos produtos da acuicultura, ben como á prevención e o control de determinadas enfermidades dos animais acuáticos e a súa normativa complementaria ou segundo os métodos establecidos pola Comisión Europea.

ANEXO III

Laboratorios nacionais de referencia

Tuberculose, brucelose e sarna sarcóptica: Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño sito en Santa Fe (Granada).

Peste porcina africana, peste porcina clásica e doenza vesicular porcina: Centro de Investigación en Sanidade Animal, sito en Valdeolmos (Madrid), do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria.

Doenza de Aujeszky, doenza hemorráxica do cervo, lingua azul, doenza hemorráxica vírica do coello, mixomatose, tularemia, influenza aviaria, doenza de Newcastle, Salmonella enteritidis e Salmonella typhimurium: Laboratorio Central de Veterinaria do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sito en Algete (Madrid).

Doenzas dos peixes e crustáceos: Laboratorio Central de Veterinaria do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sito en Algete (Madrid).

ANEXO IV

Libro de rexistro de explotación

No caso das explotacións cinexéticas o contido mínimo do libro de rexistro será o seguinte:

1. Código de explotación, ou de núcleo zoolóxico ou número de rexistro do espazo natural coutado.
2. Nome, coordenadas xeográficas e/ou enderezo da explotación, núcleo zoolóxico ou espazo natural coutado.
3. Identificación do titular: NIF/CIF, teléfono e enderezo completo.
4. Especies mantidas ou, no caso de espazos naturais, especies que poden ser obxecto de movemento.
5. Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número da acta, se for o caso, e identificación do veterinario actuante.
6. Entrada de animais por especie: data, cantidade, se proceder, código da explotación, núcleo zoolóxico ou espazo natural coutado de procedencia, e número de guía, certificado sanitario ou documento de traslado, e nome do transportista, número de matrícula do medio de transporte, autorización do transportista e do vehículo de transporte segundo proceda.

7. Saída de animais por especie: data, cantidade de animais, nome do transportista, número de matrícula da parte do medio de transporte que conteña os animais, código da explotación, núcleo zoolóxico ou espazo natural coutado de destino.

8. Censo total de animais, por especie, mantido durante o ano anterior, se proceder. Este censo actualizarase, por especie, o primeiro mes de cada ano.

9. Folla de control veterinario oficial.

10. Resultado do control de axentes zoonóticos, substancias prohibidas e pensos medicamentosos.

11. Folla de rexistro de tratamentos veterinarios.

12. Folla de rexistro alimentación-entrada de pensos.

13. Rexistro de baixas e doenzas.

No caso dos espazos naturais coutados e núcleos zoolóxicos, o contido mínimo do libro de rexistro será a información prevista nos números 1, 2, 3, 4, 6, 7 e 13 anteriores.